

## ATRAPADAS NA REDE

É ben triste e paradóxico pensar que elas -que con sabencia e mestría de anos tecen e desenlean, cosen e reparan, fabrican de xeito artesanal as redes que empregan os nosos mariñeiros, como xa facían as súas nais e avoas- se vexan a si mesmas atrapadas na rede.

É ben triste e paradóxico pensar que neste sector pesqueiro galego, que quere ser moderno e profesional, que comeza a dar pasos firmes pola sustentabilidade e identificación dos seus produtos e recursos, se manteña, se consinta e se permita aínda a existencia de redes de traballo ilegais, estruturas clientelares e caciquís que condenan á miseria e a penuria laboral ás redeiras profesionais galegas, que camiñan de xeito lento pero inexorable cara a súa desaparición como oficio.

Desde a Federación Galega de Redeiras "O PEIRAO", entidade que agrupa á maioría destas profesionais galegas, vense denunciando xa desde a súa constitución aló polo 2.004 esta situación, sen que ninguén teña dado pasos serios e decididos para facer fronte a este problema.

Xubilados, mulleres sen asegurar, familiares e amigos, traballan a moreas para intermediarios de efectos navais. En moitas comarcas e pobos do noso litoral traballando por catro cadelas, tirando os prezos dun traballo especializado que condena as redeiras galegas profesionais a salarios de miseria que non chegan nin de lonxe ao salario mínimo interprofesional.

¿Quen controla esas redes das/os ilegais?, ¿Quen compra esas redes? ¿Quen as vende? ¿Que se pesca con esas redes?. As respostas son de sobra coñecidas no sector pero o silencio é compace.

As redeiras galegas profesionais teñen cumprido sobradamente as expectativas postas nelas. Téñense agrupado en asociacións e logo nunha Federación a nivel galego. Teñen participado en encontros, proxectos europeos, formación de xestión e profesional, para a igualdade, habilidades sociais e autoestima. Teñen constituído unha cooperativa para comercializar o seu produto directamente. Teñen feito todo o que estaba nas súas mans. Só esperan que outros fagan todo o que está nas súas para evitar a lacra do intrusismo e do traballo ilegal.

Algúns pensarán que só son as mulleres que están ao final da cadea. Pero eu vos digo que son moito máis. Son -como as mariscadoras, as peixeiras, as traballadoras das conserveiras,..- a historia viva do noso sector pesqueiro. Sen estas mulleres non existiría a pesca artesanal en Galicia tal e como a coñecemos. Xa é hora de que alguén lles bote unha man. Merécenna.

Tino Gago

Foi técnico da Federación Galega de Redeiras Artesás "O PEIRAO"